



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020064	Carlos Oroza	Pontevedra	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT03	Guía, información e asistencia turísticas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0179	Inglés	2018/2019	5	160	160

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA EUGENIA DE SÁA PUIG
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Os cambios que se produciron nos últimos tempos no tecido produtivo galego trouxeron como consecuencia un cambio do anterior título de técnico superior en información e comercialización turísticas ao actual título. O sector turístico é un eixo fundamental na economía galega cun crecemento constante que proporciona moitos postos de traballo. Galicia, e concretamente Pontevedra e a súa bisbarra, pasou de ser unha zona de veraneo de sol e praia a ser un destino destacado na organización de eventos deportivos, culturais (camiño de Santiago), feiras e congresos. Estes feitos conlevan a existencia de profesionais altamente cualificados e con grande capacidade de innovación e adaptación. Así mesmo, a afluencia de visitantes estranxeiros de distinta orixe fai que o uso da lingua inglesa sexa en moitos casos o vehículo de comunicación, e unha maneira mais de dar a coñecer a nosa cultura, tradición e diversidade.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Niche Tourism	Traballar con números. Mellorar a seguridade dos clientes	30	10
2	Cultural Tourism	Asistir a reunións. Presentar propostas para nominacións.	24	10
3	Selling Dreams	Marketing turístico. Diseñar un paquete turístico para unha voda	25	20
4	Getting There	Trato cos clientes. Mellorar o servizo	25	10
5	Destinations	Ofrecer consellos sobre un destino turístico. Diseñar un destino.	28	25
6	Things to do	Dar información de interese sobre unha viaxe. Planificar unha viaxe en autocar.	28	25

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Niche Tourism	30

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.	NO
RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Extraeuse información de gravacións en lingua estándar relacionadas coa vida social, profesional ou académica.
CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refira.
CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.
CA4.3 Redactáronse informes onde se salienten os aspectos significativos e se ofrezan detalles relevantes que sirvan de apoio.
CA5.4 Identifícanse os aspectos socioprofesionais propios do sector en calquera tipo de texto.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiás. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. False friends Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, I wish + pasado simple ou perfecto, I wish + would, If only; uso da voz pasiva, oracións de Mensaxes orais. Rexistros utilizados na emisión de mensaxes orais. Terminoloxía específica do sector. False friends Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros recursos lingüísticos: acordos e desacordos, hipóteses e Relacións temporais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade. Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Cultural Tourism	24

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.	NO
RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse a idea principal da mensaxe.
CA2.1 Léronse cun alto grao de independencia textos de diverso tipo, adaptando o estilo e a velocidade da lectura ás finalidades, e utilizáronse fontes de referencia acaídas de xeito selectivo.
CA2.8 Interpretáronse instrucións extensas e complexas que estean dentro da súa especialidade.
CA3.2 Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas xerais, académicos, profesionais ou de lecer, marcando con claridade a relación entre as ideas.
CA3.6 Expresáronse e defendéronse con claridade puntos de vista e achegáronse explicacións e argumentos axeitados.
CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes.
CA5.3 Identifícanse os valores e as crenzas da comunidade en que se fale lingua inglesa.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Comprensión de mensaxes, textos, e artigos básicos profesionais e cotiáns. Soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. False friends Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, I wish + pasado simple ou perfecto, I wish + would, If only; uso da voz pasiva, oracións de Mantemento e seguimento do discurso oral. Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc. Entoación como recurso de cohesión do texto oral: uso dos patróns de entoación.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Selling Dreams	25

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.	NO
RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Recoñeceuse a finalidade de mensaxes radiofónicas e doutro material gravado ou retransmitido pronunciado en lingua estándar, e identificouse o estado de ánimo e o ton da persoa falante.
CA1.4 Identifícanse os puntos de vista e as actitudes da persoa falante.
CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refira.
CA3.1 Identifícanse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.
CA3.8 Argumentouse con todo detalle a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo elixido.
CA3.9 Solicitouse a reformulación do discurso ou dunha parte del, en caso necesario.
CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.
CA4.6 Resumíronse artigos, manuais de instrucións e outros documentos escritos, e utilizouse un vocabulario amplo para evitar a repetición frecuente.
CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes e dos usos da comunidade onde se fale a lingua inglesa.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Uso de rexistros axeitados segundo o contexto da comunicación, o interlocutor e a intención dos interlocutores.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Getting There	25

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.	NO
RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Identifícanse as ideas principais de declaracións e de mensaxes sobre temas concretos e abstractos, en lingua estándar e cun ritmo normal.
CA1.6 Comprendeuse con todo detalle o que se di en lingua estándar, mesmo nun ambiente con ruído de fondo.
CA2.6 Realizáronse traducións de textos complexos utilizando material de apoio, en caso necesario.
CA2.7 Interpretáronse mensaxes técnicas recibidas a través de soportes telemáticos (correo electrónico, fax, etc.).
CA3.4 Utilizáronse normas de protocolo en presentacións formais e informais.
CA4.2 Organizouse a información con corrección, precisión, coherencia e cohesión e solicitouse ou facilitouse información xeral ou detallada.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Comprensión de mensaxes profesionais e cotiás. Mensaxes directas, telefónicas, radiofónicas e gravadas. Terminoloxía específica do sector. Ideas principais e secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, locucións, expresión da condición e dúbida, uso da voz pasiva, oracións de relativo, estilo indirecto e verbos modais. Outros Uso dos recursos formais e funcionais en situacións que requiren un comportamento socioprofesional, co fin de proxectar unha boa imaxe da empresa.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Destinations	28

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.	NO
RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Extraeuse información de gravacións en lingua estándar relacionadas coa vida social, profesional ou académica.
CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, mesmo sen entender todos os seu elementos.
CA2.2 Interpretouse a correspondencia relativa á súa especialidade e captouse doadamente o significado esencial.
CA2.5 Identificouse con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre unha ampla serie de temas profesionais, e decidiuse sobre a oportunidade dunha análise máis fonda.
CA3.7 Describiuse e determinouse a secuencia dun proceso de traballo da súa competencia.
CA4.4 Formalizouse documentación específica do seu campo profesional.
CA5.2 Descríbóronse os protocolos e as normas de relación social propios do país.
CA5.6 Recoñecéronse os marcadores lingüísticos da procedencia rexional.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Relacións temporais: anterioridade, posterioridade, simultaneidade.
Coherencia textual: Adecuación do texto ao contexto comunicativo. Tipo e formato de texto. Variedade de lingua. Rexistro. Selección léxica, de estruturas sintácticas e de contido salientable. Inicio do discurso e introdución do tema. Desenvolvemento e expansión. Exemplificación. Conclusión e/ou resumo do discurso. Uso dos signos de puntuación.





#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Things to do	28

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.	NO
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.	NO
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.	NO
RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.	NO
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse a idea principal da mensaxe.
CA1.7 Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas e informes, e doutros xeitos de presentación académica e profesional lingüisticamente complexos.
CA2.3 Interpretáronse con todo detalle textos extensos e de relativa complexidade relacionados ou non coa súa especialidade, con posibilidade de volver ler as seccións difíciles.
CA3.3 espontaneamente e adoptouse un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Expresión e formalización de mensaxes e textos profesionais e cotiáns. Currículo e soportes telemáticos: fax, correo electrónico e burofax. Terminoloxía específica do sector. Idea principal e ideas secundarias. Recursos gramaticais: tempos verbais, preposicións, phrasal verbs, verbos modais, locucións, uso da voz pasiva, oracións de relativo e estilo indirecto. Valoración das normas socioculturais e protocolarias nas relacións internacionais.
Recoñecemento da lingua inglesa para afondar en coñecementos que resulten de interese ao longo da vida persoal e profesional.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A nota de cada trimestre está subdividida en catro partes que corresponden ás catro destrezas de comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita e cada parte ten o seguinte peso dentro da nota final :

- a) Lectura/s .- Será un 20% da calificación total. En cada trimestre haberá unha/s lectura/s graduada/s e/ou extensiva(s). Sobre ela/s farase unha proba obxectiva.
- b) Gramática, léxico, discourse.- Será un 30% da calificación total. Incluirá tarefas gramaticais, léxicas e comunicativas relacionadas con contidos impartidos en cada avaliación. Esta nota será a media de todas as probas escritas realizadas.
- c) Oral.- Será un 25% da calificación total. Consistirá nunha/s proba/s de expresión e/ou interacción oral. A partires dunha situación profesional simulada (diálogo, explicación individual, presentación, etc ) o/a alumno/a amosará a súa competencia comunicativa.
- d) Listening".- Será o 25% da calificación total. A partires dunha gravación o/a alumno/a completará un formulario de "TRUE/ FALSE", " fill in the gaps " ou responder a certas preguntas, etc.

A calificación final de cada avaliación obteráse coa suma das calificacións de cada unha das catro destrezas para o cal será imprescindible acadar unha puntuación mínima de 3 puntos en cada unha delas.

Cada unha das avaliaciones terá os seguinte peso no cálculo da nota final do módulo:

1ª Avaliación 20%

2ª Avaliación 30%

3ª Avaliación 50%

No caso de que un /unha alumno/a non se presente a calquera das probas (trimestrais ou finais ) se lle fará a proba fóra da data fixada para todo o grupo sempre que o/a alumno/a presente o debido xustificante, e a natureza da falta estea recollida no NOF.

A calificación final do módulo será a suma dos pesos das notas trimestrais.



## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante o transcurso do curso académico para a recuperación de todos aqueles alumnos que non acaden unha cualificación positiva, programaranse actividades de reforzo deseñadas para que o alumno poida adquirir as capacidades necesarias e cumprir cos mínimos exixibles para a superación do módulo.

O/s alumno/s que non acadaran unha cualificación positiva no terceiro trimestre realizarán a/s actividade/es de recuperación no período asignado pola XE comprendido entre o 10-20 de xuño de 2019.

As probas a realizar estarán deseñadas baseándose nos contidos traballados nas catro destrezas ao longo do curso. O alumnado deberá amosar as súas competencias realizando tres exercicios de listening, tres exercicios orais, tres exercicios de lectura e unha proba de contidos léxicos e gramaticais.

Os alumnos co módulo de Inglés pendente de 1º e que promocionaron a 2º curso realizarán diferentes probas baseadas nas catro destrezas no período outubro 2018-marzo 2019. Os criterios de cualificación para estes alumnos serán os seguintes:

- a) Proba/s de lectura .- Será un 20% da cualificación total.
- b) Proba/s escrita/s .- Será un 30% da cualificación total.
- c) Proba/s oral.- Será un 25% da cualificación total.
- d) Proba/s de "listening".- Será o 25% da cualificación total.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda ao dereito á avaliación continua realizará unha proba que incluírá todos os criterios de avaliación do módulo.

A proba a realizar estará deseñada baseándose nos contidos traballados nas catro destrezas ao longo do curso. Esta proba constará de catro partes (do mesmo xeito que constarán de catro partes as probas de cada trimestre dos alumnos que non causen perda ao dereito de seren avaliados). O alumnado deberá amosar as súas competencias realizando tres exercicios de listening, tres exercicios orais, tres exercicios de lectura e unha proba de contidos léxicos e gramaticais. O peso de cada parte da proba será como sigue:

- a) Proba/s de lectura .- Será un 20% da cualificación total.
- b) Proba/s escrita/s .- Será un 30% da cualificación total.
- c) Proba/s oral.- Será un 25% da cualificación total.
- d) Proba/s de "listening".- Será o 25% da cualificación total.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

No seguimento da programación teránse en conta os resultados académicos acadados polos alumnos na avaliación inicial. De selo caso, ao longo de cada trimestre faránse as modificación e axustes necesarios dos obxetivos programados inicialmente tendo en conta as necesidades e a progresión dos alumnos.

Unha vez iniciada cada unidade a profesora do módulo irá anotando na plataforma o seguimento dos contidos/actividades deseñados e, de selo caso, as posibles desviacións e os motivos que as orixinaron, así coma, as correccións ou medidas acadadas.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través das enquisas pasadas os alumnos nos que se lles pedirá a súa valoración sobre os métodos de docencia empregados, o xeito de traballo na aula así como cuestións que atinxen a si se acadaron os obxetivos dos contidos explicados.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao inicio do curso pasaráselle ao alumnado un "Placement test" para valorar os seus coñecementos/nivel no módulo de Inglés. Dita proba constará de tres partes:

- a) Un test de "Multiple choice" sobre cuestións gramaticais e de vocabulario. Consistirá en resolver exercicios de distinta natureza; completar, escoller, subliñar, etc
- b) Comprensión escrita sobre unha lectura ("Reading") con diferentes preguntas de comprensión: completar ocos, buscar sinónimos, terminar frases, escribir un resumo, etc.
- c) Comprensión oral ("Listening") con exercicios de comprensión: verdadeiro ou falso, contestar preguntas, completar ocos, escribir frases, etc.

Os resultados destas probas serán meramente orientativos para coñecer o nivel do alumnado e así establecer as liñas de traballo.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Realización de exercicios/tarefas adicionais a partires de materiais diferentes aos usados na aula. Poderáse traballar con exercicios da internet, revistas, manuais de gramática , outros libros de texto, etc. A supervisión desas tarefas será levada a cabo periódicamente polo profesor/a do módulo.

## **9. Aspectos transversais**

### **9.a) Programación da educación en valores**

Prestaremos na aula unha especial atención á formación para a igualdade entre homes e mulleres, tema de extraordinaria relevancia nun sector

profesional no que a diferenza de desigualdade de sexos é cotiá. Outro tema obxecto de traballo na aula será o do respecto aos compañeiros, profesores, espazos e recursos.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O alumnado do módulo de Inglés do CS de 1º de Guía fará unha serie de actividades conxuntas cos ciclos de Xestión de Aloxamentos e Dirección Cociña/Servicios. Ditas actividades están orientadas a fomentar un sentimento de comunidade así coma amosar a intrínseca relación existente entre os ciclos de Hostaría e Turismo.

Así mesmo, a profesora do módulo de Inglés colaborará en actividades de carácter interdisciplinar con outros profesores dos ciclos de 2º de Guía e 1º de Xestión de Aloxamento.

Neste curso 2018-19 os alumnos de 1º de Guía farán unha/s actividade/s complementaria/s á formación (ACF) cos módulos de Recursos Turísticos (RECU) e Destinos Turísticos (DEST). Ditas actividades desenvolveráanse no 2º e 3º trimestre cando o alumnado xa teña traballados os contidos de ditos módulos e poida levalos á práctica con éxito na lingua extranxeira.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Material Didáctico

O alumnado terá como libro de texto " English for International Tourism " ( Intermediate, new edition) da editorial Pearson.

Así mesmo complementaránse os contidos do libro de texto con outros/as materiais/actividades de ampliación elaborados polo profesorado do Depto.

### 10.2) Lecturas

En cada trimestre haberá unha serie de lecturas de textos de diferente natureza (revistas, artigos, libros, etc.), con distintos grados de dificultade que versarán sobre temas de interese relacionados co ciclo, e que serán avaliados no apartado de comprensión escrita cun peso do 25% (ver apdo.5).

### 10.3) Difusión de programación didáctica

A difusión da programación didáctica faráse do seguinte xeito:

a) O primeiro día de clase explicaráselle ao alumnado os contidos da programación e os obxetivos do currículo así como os criterios de cualificación adoptados polo Depto., as actividades previstas, e de selo caso, as de recuperación (ver apdos 5 e 6).

O/A alumno/a asignará un documento conforme foi informado polo/a docente dos aspectos anteriormente mencionados. Este documento arquivaráselle no caderno de aula do/a profesor e unha copia quedará no Depto.

b) O alumnado poderá consultar a programación dos módulos de Inglés na Web do centro ou no Departamento de Dinamización de Idiomas.



c) O profesorado do Depto. estará sempre dispoñible para aclarar calquera dúbida do alumnado sobre a programación.